

A EVOLUCIÓN ARQUITECTÓNICA DUN CASTELO BAIXOMEDIEVAL: O CASO DA ROCHA FORTE (SANTIAGO DE COMPOSTELA).

Raquel Casal García, Fernando Acuña Castroviejo, Alvaro Rodríguez Resino

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: In this article we reflected on the architectonic evolution of the fortress of A Rocha Forte, pertaining to the compostelana Mitra, between centuries XIII and XV to traverse of the análisis of the data collected in the excavations and following the parameters stratigraphiques usuais actually archaeological. In our interpretation we left from its construction by the Arias archbishop, continuing with reforms of Berenguer de Landoria, its later destruction during the revolts *irmandiñas* and affectations. We probably stated the existence of several constructive phases that reveal a castle constructed with the techniques but outposts to us for their time, originating of France, that it finished finally in an important stately conjoint composed of castle, walls, barbicans, zones of house, chapel and places of storage.

Palabras-chave: Castelo, Baixa Idade Media, Arquitectura militar, Rocha Forte, Galicia

Key-words: Fortress, Late Middle Age, Military Architecture, Rocha Forte, Galicia

Tras varias campañas de escavacións¹ no castelo baixomedieval da Rocha Forte, en Santiago de Compostela, estamos en condicións de reflectir unha serie de consideracións respecto tanto a súa evolución arquitectónica como ao seu proceso histórico ata os nosos días.

Este castelo, como as fontes documentais indican, foi construído polo arcebispo Juan Arias como pazo, fortaleza, e centro de percepción de rentas do Xiro da Rocha nalgún momento da primeira metade do século XIII, e derrubado polas Irmandades en 1467.

Douscentos anos de historia como centro señorial e fortificación militar foron seguidos do seu emprego como canteira, e como lugar de instalación de cortellos e currais nos séculos posteriores. A continuación faremos unha descrición das súas fases, deténdonos sobre todo na arquitectura e as súas aplicacións funcionais dentro do conxunto militar e pacego da Rocha, deixando a un lado a súa historia documental² e a cultura material que xa foi obxecto de varios estudos e aínda se segue a traballar nela por parte do noso equipo de investigación.

1 Ao longo destes anos, os traballos arqueolóxicos foron vertidos parcialmente en varios artigos, que describen tanto as campañas de escavación e restauración como os distintos materiais atopados (líticos, cerámicos, metálicos, orgánicos, etc.) que están depositados no Museo das Peregrinacións (Santiago de Compostela). A maioría dos restos arquitectónicos e balísticos están nunha finca perto do xacemento á garda de que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural decida o seu uso e destino. Para unha referencia dos mesmos, consúltase a bibliografía que figura ao final.

2 PORTELA, E.; PALLARES, M^o C.; SÁNCHEZ, X. M. (2004). Esta obra foi froito dunha iniciativa do goberno municipal que xunto coa USC acordan realizar un proxecto de estudo histórico e arqueolóxico sobre a Rocha Forte no ano 2002, no que E. Portela actuaría como coordinador dun equipo formado por M. C. Pallares, R. Casal e F. Acuña. A documentación histórica quedaba a cargo dos medievalistas e a parte arqueolóxica en mans dos arqueólogos (estes datos figuran no informe final entregado en outubro de 2002 tanto a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia como ao Concello de Santiago). Na publicación que se cita botamos en falla o esquecemento do traballo dos arqueólogos, cando utilizan en grande parte do texto informacións e aparello gráfico, obtidas da colaboración mantida no primeiro ano do proxecto, do que deseguido se desvincularon voluntariamente.




Fig. 1 Vista aérea do conxunto da Fortaleza (2007).

A ESCAVACIÓN DA ROCHA FORTE: CRITERIOS ANALÍTICOS

A análise dos datos recollidos seguiu os parámetros estratigráficos comúns na práctica arqueolóxica actual para definir estruturas e as relacións entre as mesmas e os propios depósitos e cortes arqueolóxicos. Para a interpretación das mesmas, temos recurrido ás fontes documentais (fundamentalmente o pleito Tabera-Fonseca), e á comparación con outras obras castillolóxicas que tratan do mesmo, neste caso en territorio portugués³. As dúas ferramentas analíticas que non van permitir analizar as fases do castelo son as seguintes:

O estudo das estruturas arquitectónicas exhumadas, no sentido de describir e tipificar as diferentes técnicas constructivas existentes no castelo e os seus resultados nos alzados murarios escavados.

A definición dos cortes e destrucións presentes nas estruturas conservadas do castelo.

A definición das relacións estratigráficas de superposición, adosamento e corte entre as estruturas, entre outras.

En canto ás datacións, empregaremos dúas ferramentas fundamentais: as fontes textuais, que informan do alzamento e destrución do castelo, así como dunha importante reforma en época do arcebispo Berenguel de Landoria, a inicios do século XIV⁴, e os achados numismáticos nalgúns dos depósitos relacionables coas estruturas exhumadas, fundamentalmente na liza, que permiten datar as estruturas nun momento *post quem* á data de acuñación das moedas.

Como adianto dos resultados, a aportación da arqueoloxía neste senso será quen permita definir fases, períodos constructivos e destructivos, e as funcionalidades das estruturas, o que nos posibilitará corrixir a visión que dan as fontes da fortaleza do século XV como un todo homoxéneo durante toda a vida útil do castelo, amén de ignorar as estruturas que

3 BARROCA, M. (1998)
MONTEIRO, J. GOUVEIA (1999)

4 VV. AA. (1983)

non tiñan unha funcionalidade estrictamente poliorcética, senón doméstica ou productiva, que estaban integradas no propio castelo⁵.

PRIMEIRA FASE.

Nesta primeira fase distinguimos dous momentos sucesivos. Un primeiro periodo que se corresponde coa construción do recinto interior do castelo, nun momento anterior a 1255⁶, durante o episcopado de Juan Arias. Trátase dun recinto de planta cuadrangular, con cubos redondos nas esquinas (fig.1). Estes cubos presentan un engrosamento, a modo de reforzo na parte inferior, duns 10 cm. e unha altura de cerca de dous metros na zona mellor conservada, destinado a resistir os embates dos enxeños balísticos de asedio (fig.2). A altura da estrutura muraria do conxunto é difícil de discernir, pero debeu de chegar aos 5 ou 6 metros, no caso da muralla. O almeado sabemos que estaba formado por adarves amatacanados (dos que temos algún exemplar de matacán), con almeas triangulares, que coñecemos por algunha mostra recuperada. A altura dos cubos debeu de ser superior á muralla, e polo que sabemos das fontes, debían de estar teitadas.

Esta muralla presenta dúas entradas, unha principal no NO., (fig.3) que debeu de ser unha torre-porta de grandes dimensións⁷, avanzada sobre un foxo escavado na rocha practicamente pegado á muralla, seguramente para protexer unha ponte levadiza. Esta torre porta atópase hoxe moi deteriorada xa que está na zona máis destruída do castelo, pero foi posible localizar un dos seus panos murarios directamente apoiado sobre unha parte do foxo, xunto có recheo de pedras e argamasa que lle daba consistencia, pero que hoxe está moi desmantelado (fig.4).



Fig.2 Detalle do engrosamento do cubo SE



Fig. 3 Entrada O.

Outra entrada estaría situada no lado S. Trátase dunha poterna feita na muralla (fig.5) que tería o seu acceso protexido por un balcón (cadafalso), feito en madeira, do cal se conservan aínda un mechinal e dous ocos para apoiar e encastrar na parede as vigas de suxección. Entre esta entrada e o cubo SE., hai unha soleira que é posible que se corresponda có espazo dunha saeteira destinada a batir directamente a zona de acceso á poterna. Asociada a esta poterna hai unhas escaleiras monumentais, (fig.6) directamente asentadas sobre o sustrato, protexidas a ámbolos dous lados por dous muros de cantería moi compactos, destinados a servir de flanqueo deste acceso do castelo.

5 A terminoloxía militar usada neste traballo baséase nas obras de MORA FIGUEROA, L. de (2006) e NUNES, A. LOPES PIRES (2005).

6 LOPEZ FERREIRO. A. (1904). Ap. XXX, páx. 84-85.

7 A escavación nesta zona permitíu nos anos 2003 e 2006 comprobar como esta área está flanqueada por dous ensanchamentos da muralla cara a súa parte externa. A escavación total de parte da cara externa do situado máis ao Sur confirmou que se levanta sobre o sustrato rochoso, construído da mesma maneira que a muralla e engarzado na bancada que lle serve de cimentación ao pano da muralla, polo que podemos afirmar sen medo a equivocarnos que se trata dunha estrutura de acceso ideada e construída de maneira contemporánea á muralla.

E na parte Sur deste acceso, encastrada nun pequeno rincón feito en cantería no muro de flanqueo, temos unha das estruturas mais interesantes. Trátase dunha fonte (fig. 7) onde chega unha canle de auga en pedra directamente a través da poterna, e da que sae outra canle. Este sistema de abastecemento e desaugue formaría parte do sistema de augada do castelo, e estaría relacionado ademáis coas estruturas domésticas existentes fora do recinto amurallado que aínda están por determinar. O sistema de augada se complementa por un pozo atopado na zona SO. do castelo, excavado na rocha e feito en sillería (fig. 8).

O acceso ao adarve da muralla débese facer por varias escaleiras de pedra adosadas ao pano interior da muralla, unha das cales se conserva na zona da poterna, aproveitando o muro Sur de flanqueo das escaleiras. En canto á torre da homenaxe, é moi probable que se atopase no medio do castelo e estea completamente arrasada. Só futuras escavacións poderán aclarar este extremo, pero é posible que varias das guirnaldas e restos decorativos atopados (capiteis, fiestras e molduras góticas) sexan parte desta torre (figs. 9 e 10). O conxunto estaría rodeado por un foxo, identificado na zona da porta, (fig. 12) e seguramente habería construcións internas mais febles, como currais, cociñas e obradoiros, dos que non temos atopado evidencias claras posto que gran parte delas faríanse con materiais perecedeiros.



Fig. 4 Detalle da muralla O. sobre o foxo.



Fig. 5 Entrada S. Á esquerda recinto que alberga a fonte.



Fig. 6 Escaleiras monumentais



Fig. 7 Fonte



Fig- 8 Pozo na zona SO.

A técnica constructiva desta primeira etapa é de grande calidade. Para levantar a muralla erguéronse dous panos de canteiría con sillares perfectamente labrados e escuadrados, recheados por grandes pedras toscamente labradas, pero imbricadas e argamasadas de xeito que o conxunto ofrece unha robustez evidente, cun ancho de muralla de metro e medio, que se reduce a un metro na zona de acceso á poterna.



Figs. 9 e 10 Anverso e reverso dun elemento decorativo.



Fig. 11 Fragmento de fuste



Fig. 12 Vista do foxo e o derrubo da zona O

Merece a pena destacar varios aspectos do proceso constructivo. En primeiro lugar, o castelo foi erguido sobre un afloramento ao carón dun regato, o cal suministraría auga, mentres que se evitaban as zapas nas murallas. Este afloramento servíu además de canteira, xa que hai marcas de extracción da pedra mediante o sistema de cuñas idénticas ás que podemos atopar nas pedras do recheo da muralla principal. A muralla aproveitou ademais este afloramento para ser cimentada, reforzándose nalgúns lugares cunha bancada de pedras de gran tamaño labradas de xeito moi tosco, que servía para regularizar a superficie sobre a que se erguía a muralla (fig. 13).

En canto ás marcas de canteiro, temos identificadas varias, (círculos, cruces, un fouciño, etc.) o que confirma a presenza de diferentes obradoiros de canteiros traballando na mesma muralla, que foi levantada dunha vez con un plano específico, polo menos na parte escavada, xa que os lenzos murarios e os cubos imbrícanse perfectamente. Un dato máis: a argamasa fíxose con aportes de cunchas mariñas (*ostrea edulis*), que daban o necesario carbonato cálcico para ligar a mezcla, o que é normal na época. O conxunto estivo encalado, xa que se conservan restos de enlucido como recubrimento, (fig. 14) tanto por dentro da poterna como polo exterior da muralla. Ademais, os numerosos restos de capiteis, molduras de fiestras, guirnaldas e outros restos decorativos indican a presenza de lugares de residencia pacega (de feito era lugar de residencia do bispo e os coengos da catedral)⁸, hoxe en día desaparecidos, ou todavía non atopados.

Nun segundo momento, difícil de precisar polo de agora, construíuse unha estrutura anexa á muralla principal na zona SE.; trátase dun muro adosado ao cubo SE., que vai en dirección S. ata o límite da zona escavada e presumiblemente continua para cercar unha ampla zona onde se atopan unha serie de instalacións relacionadas co sistema de augada do castelo (figs. 15 e 16). Este muro superponse a unha canle enlousada que vai parar ao conducto do desague da fonte da poterna, e que continua en dirección ao regato do Vilar. A súa técnica constructiva consiste en muros simples feitos con mampostería de granito, artellados en dúas fiadas dispostas de xeito paralelo e imbricadas entre si por tizóns de maior tamaño, cun careado bastante coidado, sen marcas de canteiro, o que suxire que é unha obra menor, non feita por cuadrillas especializadas, como as que fixeron a muralla.

⁸ No 1255, a data de 8 de Outubro, Juan Arias dispón nun documento que os clérigos que viven con él na Rocha Forte acudan ás procesións dos domingos e días solemnes (Ed. Por LÓPEZ FERREIRO, A, Historia de la S. A.M. Iglesia de Santiago de Compostela, t. V, ap. XXX, p. 85).



Fig. 13 Detalle da muralla na zona S



Fig. 14 Detalle do enlucido.

Nesta zona construíronse tamén dúas canles, unha de saída, que comunica coa canle preexistente, como xa comentamos, construída con bordes laterais de pedra e enlousado e cuberta con pequenas lousas, e unha de entrada conformada a base de canais pétreos de diversas lonxitudes, colocados sobre unha camada de pedras irregulares que lle dan estabilidade e permiten a circulación da auga (figs.17). Parece indudable que toda esta área foi utilizada para distintas labores de lavado, limpeza, almacenaxe, etc. relacionados coa vida doméstica do castelo. O feito de atoparse eiquí unha zona ocupada, suxire que o trazado do foxo non parece ser concéntrico respecto a muralla, xa que non existe. Hai que ter en conta que na zona que aínda falla por excavar, debe encontrarse o manantial que surtiría da auga ao castelo e mesmo algunhas outras estruturas asociadas como o demostran os achados atopados recentemente⁹ (fig. 18).



Figs. 15 e 16 Vista do muro que atravesa a liza e a súa continuación cara afora.

⁹ Nos recentes traballos para o soterramento da conducción eléctrica no camiño que conduce ao lugar da Rocha Vella, apareceron diversos restos de estruturas así como un capitel gótico, conservado na actualidade no Centro Cultural da zona.

SEGUNDA FASE.

Esta fase está marcada pola construción dunha barbacá situada a moi pouca distancia da muralla da primeira fase, que temos comprobada nos lados S. e E. do castelo. Discorre paralela á cerca interior e se ensancha conformando dous baluartes rectangulares, na parte central de ámbolos dous lados (figs 19 e 20). A técnica constructiva da barbacá é peculiar. Presenta pola súa cara externa un paramento de sillares de tamaño variable e factura coidada, aínda que non tanto como a muralla principal, cun careado ben traballado en fiadas regulares, lixeiramente



Fig. 17 Zona dos canais.

inclinados para crear un alambor (solución típica destas estruturas, destinadas a protexer a parte baixa da muralla principal dos ataques con enxeños balísticos), mentres que pola cara interna a barbacá está formada por mampostos moi toscos, levantados sen unha alineación ou careados apreciables, empregando materiais reaproveitados (fig.21). O recheo desta muralla está feito dos mesmos mampostos irregulares. O grosor da barbacá é variable, e se construíu por riba do muro adosado ao torreón SE. do que falamos na fase anterior, ao que reforza. Na parte externa existen certas diferencias nos paramentos que invitan a pensar na existencia de reparacións e reformas, algo normal nun castelo cunha vida militar tan intensa como o da Rocha Forte.



Fig. 18 Capitel Gótico atopado nas obras de canalización eléctrica na estrada de acceso á Rocha Vella.



Fig. 19 Baluarte da Barbacá na zona S.



Fig. 20 Baluarte da Barbacá na zona E.

O porqué deste sistema constructivo podería deberse a dous motivos: unha necesidade perentoria de reforzar a muralla cunha obra rápida, de xeito que só se coidara mínimamente a parte exterior, que era a que ía recibir os embates dun asedio, ou a ausencia de medios económicos para facer algo millor por parte dos constructores, ou ámbalas dúas cousas. Estas obras poderíamos datalas na época de Berenguel de Landoria¹⁰, do que sabemos fixo varias reformas importantes no castelo tras sufrir este unha destrución parcial.

Unha destas reformas foi a construción dunha capela nunha torre adicada a Santa Eufemia, non localizada, pero da que pode que algún dos elementos decorativos atopados formase parte. Na parte O. e NO. parece que a barbacá desaparece, ou polo menos, afástase significativamente da muralla principal, xa que na zona da porta principal o espacio

10 Vexáse VV.AA (1983), p.97

entre a muralla e o foxo está baleiro. Isto indícanos a posibilidade de que o trazado da barbacá fose só parcial, cubrindo únicamente certas zonas mais expostas, ou nas que había posibilidades de construír una segunda muralla, ou ben que se alongase para abranguer outros espacios, polo que resulta cada vez mais claro que a Rocha Forte non é un castelo completamente concéntrico, senón que ten unha planta mais complexa.

A construción da barbacá non inutilizou a poterna, xa que se construíu unha cámara situada entre a muralla e a barbacá, (fig. 22) teitada cunha falsa cúpula, e que da acceso a unhas escaleiras, o que nos invita a pensar que se trataba dun sistema de acceso ao adarve e para protexer as canles que discurrían pola mesma, que foron levadas por dous túneis (fig.23) que atravesan a barbacá, tanto a de entrada como a de saída, que está lixeiramente mais inferior en cota que o de entrada (fig. 24).



Fig. 21 Elementos arquitectónicos reaproveitados na barbacá S.




Fig 22 Detalle da escaleira sita entre a muralla e a barbacá.



Fig. 23 Vista dun dos túneis que atravesa a barbacá.



Fig. 24 As canles no fondo da escaleira.

Nos anos posteriores realízanse, no espazo anexo á muralla polo Sur, pequenas edificacións de funcionalidade non determinada, apoiadas na barbacá e sobre a canle que verte cara o río (fig.25).A súa técnica constructiva é claramente de albañilería: mampostería levantada en dúas fiadas irregulares adosadas unha á outra trabada en seco ou cunha cinta de arxila, con careados pouco traballados. Tamén se reforza o muro pegado ao cubo SE., na parte que quedou sobresaíndo da barbacá, de xeito que o reforzo apoia sobre a mesma. Se constata a colocación dunha pía sobre a canle de saída e o

emprego de sectores importantes da liza como basureiros, con materiais directamente botados sobre o sustrato rochoso, como por exemplo na zona SE., na que hai unha grande abundancia de moedas, cerámica, restos óseos e productivos.

Só temos noticias documentais¹¹ do período de Rodrigo de Luna, ao que cabería atribuír algunhas destas reformas, despois dos destrozos ocasionados polo cerco sufrido. Cecais neste momento pecharíase a poterna, probablemente en prevención do inminente perigo de ataque, cun muro dobre de sillería recheado con pedras, que seguiu respectando os canais.

TERCEIRA FASE.

Corresponde á destrución, coñecida documentalmente, feita polos irmandiños no ano 1467. As construcións asociadas ao castelo quedaron arrasadas, a Torre da Homenaxe desmantelada, e as murallas, tanto a principal como a barbacá desfeitas. Case a continuación, se produce un proceso de descoste dos seus paramentos exteriores deixando ao aire o recheo que tamén debeu servir de canteira, chegando nalgún sitio mesmo ata a cimentación (como recollen testigos da época). Os paramentos interiores da muralla principal foron arrancados para aproveitar os magníficos e custosos sillares, (temos noticias¹² de que o arcebispo Fonseca II, levou sillares da destruída Fortaleza para construír o castelo do Pico Sacro e para “*o fincapé dos Ourives*” hoxe denominada Torre do Reloxo da Catedral).

O proceso foi mais agudo na zona NO., da porta principal, seguramente polas súas facilidades de acceso. O recheo murario, que non foi aproveitado, acabou derrubándose, dando como resultado un potente estrato arqueolóxico de pedras e argamasa misturadas (fig.26 e 27), que recobre o afloramento do castelo e as estruturas pegadas á muralla, así como a liza e o foxo na parte S.



Fig. 25 estruturas exteriores á barbacá S

11 Rodrigo de Luna no 1459 “*sufrió un cerco (de los composteláns) alrededor de la fortaleza, abriendo fosos, levantando empalizadas y montando trabucos y máquinas para lanzar piedras*” LÓPEZ FERREIRO A. (1904), pp. 230-231.

12 No pleito Tabera –Fonseca temos o testimonio de Juan de Ulla, oficial de canteiría, que axudou según él “(...)a desfazer de los çimientos y de algunas torres dellas para Monte Sagro e para la torre del fincapie de la iglesia e questa hes la verdad de lo que save y le paresçe” (TF, p.352) Esta é unha referencia clara ó desmoche e reemprego organizado dos materiais constructivos do castelo para facer a Torre do Monte Sacro e unha torre da Catedral de Santiago.



Fig. 26 Detalle do derrubo na zona S.



Fig. 27 Vista do derrubo na zona O

CUARTA FASE

Tras esto se produce o abandono total do recinto, pero as ruínas seguiron soportando importantes afeccións, como o trazado do ferrocarril Carril - Santiago inaugurado no ano 1873, que destruíu as estruturas murarias en toda a zona N., sin que quedaran noticias dos achados, ou a colocación dun poste de electricidade de media tensión, arredor dos anos 60, que afectou a parte da cerca interior e ao entorno da escaleira que da conexión ao sistema da augada e comunica coa poterna. Mais recentemente, e ao mesmo tempo que se comenzaban as escavacións para a recuperación da fortaleza, o desdoblamento da vía para o tren de alta velocidade volveu a afectar novamente, de xeito considerable, á parte N. do xacemento o que imposibilitará no futuro actuar nesa área.

Por último temos que reseñar que as ruínas da Fortaleza da Rocha Forte foron ata os nosos días un lugar de aprovisionamento de materiais líticos no só para a construción senón tamén para ornato de casas e xardíns. Sabemos que no século XIX a Sociedade Económica de Santiago, recuperou “grandes bolas de piedra” para un futuro Museo Arqueolóxico que nunca chegou a concretarse¹³.

No século XX o lugar foi utilizado como campo de xogos infantís e mesmo serviu como refuxio de fuxidos¹⁴ na guerra civil e en tempos posteriores como basureiro. Cando comenzamos os traballos arqueolóxicos era unha densa matogueira, que ocultaba totalmente as súas ruínas.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Polo que podemos ver, a historia do Castelo da Rocha Forte é mais rica e complexa do que podemos apreciar polas fontes textuais, e as súas características constructivas e funcionais (a falta de mais escavacións necesarias) suxiren a presenza dun abano de diferentes tipos de estruturas e funcionalidades do que a lectura do pleito Tabera-Fonseca podería indicar¹⁵. Deste xeito, se ben nun primeiro momento o castelo naceu cun impulso planificado e único, moi novedoso a

13 BARREIRO DE V. V., B. (1888). pp.257-258.

14 Tal é o caso de Eduardo Puente Carracedo, alcumado “O Nécoras”, vello loitador anarquista que tiña unha taberna no Pombal en Santiago, e que no comenzo da guerra civil buscou refuxio nos restos da vella fortaleza sendo capturado e morto na ponte da Rocha. O asunto pode consultarse en: DÍAZ FERNÁNDEZ, X. (1982), Os que non morreron, Edicións do Castro. DÍAZ PARDO, I. (1987), Galicia hoy y el resto del mundo, Edicións do Castro, GRANELL E. (2006), Memorias de Compostela, Fundación Granell, (Información de X. R. Faulin)

15 O cal cremos é unha advertencia contra o uso indiscriminado das fontes sen unha crítica adecuada. Pretender que as fontes sexan tratados ou descripcións castillolóxicas tal como as entendemos hoxe é, no fondo, pretender aínda que as fontes son o reflexo da realidade pasada, como creían os vellos historiadores positivistas, cando en realidade son o reflexo da visión que daquela se tiña da realidade. Visión, que como se ven demostrando neste castelo, respondía a motivos xurídicos, e que polo tanto non reflicte moitas das características e historia deste castelo. Non pretendemos desbotar con isto o estudo documental, pero sí poñelo no seu xusto lugar, e reivindicar para a

nivel peninsular¹⁶ e seguramente relacionado coa introducción de novas formas de construción de castelos introducidas dende Europa (o paso do castelo románico ao gótico, cunha defensa activa implementada a través de varios recursos constructivos e dunha compartimentación da defensa), no que queda da súa existencia o seu crecemento foi mais ben orgánico, adecuándose aos acontecementos e ás necesidades do castelo como centro militar, residencial e fiscal.

O castelo da Rocha foi concebido segundo modelos novedosos no seu tempo¹⁷, iso é obvio, nun momento como a primeira metade do século XIII, seguramente baixo influencias da zona francesa, traídas polo arcebispo Xoán Arias, que pretendeu tamén facer unha cabeceira gótica na Catedral¹⁸. E sobre esta primitiva planta dunha única muralla e foxo fóronse engadindo espazos e estruturas, non necesariamente militares, que acabaron conformando un grande conxunto señorial con castelo, espazos amurallados, zonas habitacionais, de almacenaxe, e de culto, separadas por murallas, barbacás, foxos, e mesmo é posible que empalizadas, cunha configuración que parece que non é concéntrica, polo menos en varias das súas zonas, senón resultado deste mesmo proceso de crecemento “orgánico”, que responde a varios impulsos constructivos.

En definitiva, un centro militar, residencial e fiscal de primeiro orde.

Non podemos por tanto estar de acordo có proposto por SÁNCHEZ (2008), que dende unha base documental, e con importantes erros na interpretación do rexistro¹⁹, argumenta que este castelo refíxose case por completo cun modelo en mente polos seus constructores (concretamente por Berenguel de Landoria), semellante ao dos castelos concéntricos europeos, e así quedou. Argumento que unha estratigrafía arqueolóxica desbota, porque hai varias fases, a primeira das cales non parece que sufrira alteracións significativas nen que fose reconstrución doutra anterior. Tampoco se teñen en conta a distribución dos elementos e a súa cronoloxía, que apuntan cara a unha historia distinta. Tratar de aplicar e calcar “modelos” extranxeiros (pese a que sí se aplican solucións militares foráneas en distintos momentos), además de erróneo neste caso, é simplificar a historia e funcionalidade do castelo da Rocha Forte, e quitarlle a súa orixinalidade dentro do señorío compostelano. Só futuras escavacións poderán seguir descubriendo novos aspectos deste castelo e centro señorial único en Galicia, e pode que no Noroeste, fundamental para entender o funcionamento da sociedade feudal que rexían os arcebispos composteláns.

Non podemos esquecer, como indicamos noutras ocasións, que este castelo pode ser un guieiro para a arqueoloxía baixo medieval galega xa que nos atopamos cun xacemento selado no que os materiais dannos unha cronoloxía precisa. Por esta razón resulta lamentable que nos dous últimos anos a Administración non se preocupara de proseguir cós traballos de escavación nen de conservación, que, á vista dos resultados acadados ata hoxe, serían imprescindibles para facer desta fortaleza un modelo único para Galicia coa súa posta en valor. Desgraciadamente hoxe o xacemento está abandonado de xeito que o grande esforzo realizado nos últimos anos apenas se pode percibir.

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO DE V. V., B. (1888): “Exploraciones arqueológicas en el castillo de la Rocha”, *Galicia Diplomática*, Año III, nº 35, pp.257-258

BARROCA, M. (1998): “D. Dinís e a arquitectura medieval portuguesa”, *Revista da Faculdade de Letras, História*, Universidade do Porto, II Série vol. XV-1, pp. 801-822

BUCETA BRUNETTI, G. (2006): “Diagnóstico sobre los agentes de alteración en el yacimiento medieval de La Rocha Forte (Santiago de Compostela, A Coruña)”, *Gallaecia nº 25*, Santiago de Compostela, pp. 173-185.

arqueoloxía un lugar de seu nos estudos medievais, evitando facer do rexistro arqueolóxico unha forma de comprobar a veracidade das fontes, e dándolle a categoría de información en si mesma. Este mesmo problema en Portugal con BARROCA (1998) e MONTEIRO (1999).

16 Na famosa obra *Livro das Fortalezas* de DUARTE DE ARMAS, datado en 1510, que recolle os castelos portugueses dende o século XI ao XVI, non encontramos ningún modelo semellante ao da Rocha Forte.

17 Actualmente o grupo de investigación Arqueopat do Departamento de Historia I está a traballar nestas vinculacións europeas e a súa chegada a Santiago de Compostela.

18 Véxase a este respecto as consideracións que facemos no artigo CASAL GARCIA, R. e ACUÑA CASTROVIEJO, F. (2007): p.93

19 Como confundir unha simple canle con un foxo

- CASAL, R.; ACUÑA, F.; VIDAL, L.; RODRÍGUEZ, Á.; NODAR, C. (2004): "A Fortaleza da Rocha Forte (Santiago): campañas de intervención 2002-2003", *Gallaecia* nº 23, pp.195-204
- CASAL, R.; ACUÑA, F.; VIDAL, L.; NODAR, C.; RODRÍGUEZ, ÁLVARO e ALLES, M. J. (2005): "La Fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2004", *Gallaecia*. Nº 24, Santiago de Compostela, pp. 193-218.
- CASAL GARCIA, R.; ACUÑA CASTROVIEJO, F. e GONZÁLEZ VILA, G. (2006): "O castelo gótico da Rocha Forte, Santiago de Compostela", *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Xunta de Galicia, pp. 430-437.
- CASAL, R.; ACUÑA, F.; VIDAL, L.; NODAR, C. e GONZÁLEZ, G. (2006): "Fortaleza medieval de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2005" *Gallaecia* nº 25, Santiago de Compostela, pp. 147-172.
- CASAL GARCIA, R. e ACUÑA CASTROVIEJO, F. (2007): "La arquitectura de la fortaleza medieval de Rocha Forte (Santiago de Compostela)", *Del documento escrito a la evidencia material: actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval (Santiago de Compostela, 22, 23 y 24 de marzo de 2006)* / Mercedes López-Mayán Navarrete, Carlos J. Galbán Malagón (coords.). Santiago de Compostela, Lóstrego, 2007. pp. 87-114.
- CASAL, R.; ACUÑA, F.; MARTÍNEZ, J. R. e SANTAMARÍA, G. (2007): "V campaña de intervención no Castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela): novas preliminares da actuación no ano 2006", *Gallaecia* nº. 26, Santiago de Compostela pp. 163-183.
- DUARTE DE ARMAS (1990): *Livro das Fortalezas*, Fac-simile do ms. 159 da casa forte do arquivo nacional da torre do tomo, introdução de Manuel da Silva Castelo Branco, Lisboa
- GONZÁLEZ VILA, G. (2006): "Achádegos numismáticos na fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela)", *Gallaecia* nº 25, Santiago de Compostela, pp. 227-267.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1904): *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, tomo V
- MARTÍNEZ CASAL, J. R. (2006): "A cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte: contribución ao seu estudo", *Gallaecia*, nº 25, Santiago de Compostela, pp. 187-225.
- MONTEIRO, J. GOUVEIA (1999): *Os Castelos Portugueses dos finais da Idade Média. Presença, perfil, conservação, vigilância e comando*, Lisboa
- MORA FIGUEROA, L. de (2006): *Glosario de arquitectura defensiva medieval*, Ministerio de Defensa, Madrid
- NUNES, A. LOPES PIRES (2005): *Dicionário de Arquitectura militar*, Casal de Cambra
- PORTELA, E.; PALLARES, M. C.; SÁNCHEZ, X. M. (2004): *ROCHA FORTE el castillo y su historia*, Xunta de Galicia
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Á. (1984): *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los "irmandiños". Pleito Tabera-Fonseca*, IPSEG, Santiago
- ROMA VALDÉS, A. e GONZÁLEZ VILA, G. (2006): "Monedas de Enrique II fabricadas entre 1369 y 1373: una posible emisión compostelana", *Gallaecia* nº 25, Santiago de Compostela, pp. 269-283.
- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M. (2008): "La Fortaleza de Rocha Forte: un castillo concéntrico en las corrientes constructivas europeas del siglo XIV", *Compostellanum*. Vol. 52, n. 3/4 (jul. /dic. 2007), Santiago de Compostela, pp. 603-632
- VV. A. A. (1983), *Hechos de Berenguer de Landoria, Arzobispo de Santiago, Introducción, edición crítica y traducción*, Santiago